

BANDO INFORMATIVO SOBRE A ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS EXTRAORDINARIOS EN LOCAIS DE HOSTALERÍA

A finais do mes de xuño, o Concello de Ares, en colaboración coa Policía Local e a Garda Civil, celebrou unha sesión informativa dirixida á hostalería local co fin de facilitarlles aos seus responsables datos e ferramentas que lles permitiran coñecer a diversa normativa autonómica, dereitos e obrigas relacionadas coa súa actividade.

Unha das materias sobre as que se ofreceu información foi a posibilidade de celebrar **espectáculos públicos extraordinarios en locais cuxa licencia de actividade non inclúe esa opción.**

Deste xeito, co fin de facer chegar esta mesma información a todas as persoas titulares de establecementos abertos ao público que desexen organizar dentro del unha actuación musical ou similar, comunícase no presente bando:

1. Que as persoas titulares dun establecemento aberto ao público que desexen organizar dentro del un espectáculo público de carácter extraordinario **deberán presentar unha Declaración responsable no rexistro municipal ou sede electrónica con como mínimo sete (7) días naturais de antelación á data do evento.** Nela deberá indicarse:

- Datos da persoa responsable.
- Data, hora e lugar de celebración.
- Aforo previsto, así como se existe ou non instalacións desmontables (carpas, tarimas, escenarios, ...).

2. Xunto coa declaración, deberán achegar a **copia da póliza de seguro que inclúa a cobertura de responsabilidade civil para o dito espectáculo**, cuxo importe variará atendendo ao aforo previsto, así como o xustificante de pagamento da prima. **Non é válida por si soa a póliza de RC da súa actividade ordinaria, agás que especifique claramente que estean asegurados os espectáculos públicos extraordinarios.**

3. Poderán comunicar e celebrar **un máximo de 6 espectáculos públicos extraordinarios** ao longo de cada ano natural.



4. Os espectáculos **deberán celebrarse no interior do recinto dos establecementos, nunca nas terrazas** que contén con autorización municipal por situarse na vía pública.

5. O espectáculo organizado non poderá alongarse máis alá das **23:59 h.**

6. As **sancións** por incumprimento destas obrigas poderán acadar os **300 euros** (infraccións leves) ata os **30.000 euros** (infraccións graves), así como sancións accesorias.

Para **calquera dúbida ou aclaración**, poden contactar coa **Policía Local de Ares (629078961)** ou coa **Concellaría de Turismo e Comercio (677124121)**.

Normativa de aplicación

- **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2018).
- **Decreto 124/2019, do 5 de setembro**, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia (DOG núm. 195, do 14 de outubro de 2019).
- **Decreto 226/2022, do 22 de decembro**, polo que se regulan determinados aspectos da organización e do desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos (DOG núm. 13, do 19 de xaneiro de 2023).
- **Ordenanza municipal reguladora das terrazas no Concello de Ares** (BOP da Coruña núm. 67, do 8 de maio de 2020).

